

CONVOCATORIA 2020 DE AXUDAS PROPIAS A PUBLICACIÓNS EN ABERTO**1. Finalidade**

A convocatoria ten como obxectivo **promover a publicación polo persoal dos grupos de investigación adscritos á Agrupación Estratéxica CITACA de publicacións científicas en aberto**, para fomentar a excelencia académica das publicacións, así como mellorar a internacionalización da produción científica da Universidade de Vigo, e incrementar a visibilidade da actividade investigadora que se realiza en CITACA.

2. Actuacións obxecto das axudas

Estas axudas están destinadas a **contribuír a financiar publicacións científicas xa publicadas ou aceptadas para publicar con data posterior ao 1 de xaneiro de 2020 e ata o 9 de outubro de 2020**.

3. Contía das axudas

A contía máxima dispoñible para o total de axudas que se concedan ascende a **9.738,20€**.

A contía de cada axuda concedida poderá ser como máximo o importe da publicación científica.

A contía máxima dispoñible para o total de axudas, distribuíranse en **dous prazos nos que a convocatoria permanecerá aberta**, según se recolle na seguinte **programación**.

	DATA INICIO PRESENTACIÓN SOLICITUDES	DATA FIN PRESENTACIÓN SOLICITUDES	REQUISITOS DE PRESENTACIÓN	CONTÍA MÁXIMA DISPOÑIBLE
PAZO I	13/03/2020	23/03/2020	Publicacións con comunicación de admisión para publicación con anterioridade á data de inicio de presentación de solicitudes	4.869,10€
PAZO II	01/06/2020	01/07/2020	Publicacións con comunicación de admisión para publicación con anterioridade á data de inicio de presentación de solicitudes	4.869,10€

Se tras a avaliación das solicitudes e a concesión das axudas no Prazo I quedara orzamento sen asignar, os remanentes incorporáranse no Prazo II.

Se tras a avaliación das solicitudes e a concesión das axudas no Prazo II quedara orzamento sen asignar, o Comité de Dirección da Agrupación valorará a publicación dun Prazo III adicional.

Estas axudas están financiadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia dentro do programa de "Axudas para a mellora, creación, recoñecemento e estruturación de agrupacións estratéxicas do Sistema Universitario de Galicia". Orde do 4 de xullo de 2018, modificada pola Orde do 9 de outubro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva,

das axudas para a mellora, creación, recoñecemento e estruturación de agrupacións estratéxicas do Sistema Universitario de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2018.

4. Beneficiarios/as

As axudas obxecto desta convocatoria poderán ser **solicitadas polo Persoal Docente e Investigador (PDI) permanente** e por **investigadores/as pre e postdoutorais** pertencentes a un grupo de investigación adscrito a CITACA e que sexan **autores/as da publicación científica a publicar en aberto**.

Cada solicitante deberá cumprir os seguintes **requisitos**.

4.1. Figurar como membro activo dalgún dos grupos de investigación de CITACA, con contrato ou bolsa vixente no momento da solicitude e na data do pagamento da factura da publicación científica.

4.2. Ser o primeiro autor/a ou autor/a para a correspondencia “*corresponding author*”.

4.3. Ter unha conta ORCID activa e actualizada no momento de solicitar a axuda.

Só se concederá unha axuda por solicitante no conxunto de todos os prazos da convocatoria nesta anualidade.

As solicitudes que non reciban financiación no primeiro prazo, poden volver a presentarse no segundo prazo.

5. Conceptos susceptibles de axuda

O importe destas axudas irá destinado a financiar, en todo ou en parte, as publicacións en aberto en revistas científicas que deben estar clasificadas no cuartil Q1 ou Q2 dalgún dos listados ordeados JCR na área temática correspondente no ano 2017, 2018, 2019.

Finansiase a factura correspondente á cota de edición da publicación científica xa publicada ou aceptada entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 9 de outubro de 2020.

6. Formalización das solicitudes e prazo de presentación

As solicitudes serán remitidas pola persoa solicitante en formato electrónico á dirección de correo electrónico da Secretaría Técnica de CITACA: citaca@uvigo.es. Deberán incluír a **solicitude de participación, (Anexo I)**, e a **documentación** indicada no **apartado 7. Contido das solicitudes**.

As **datas de inicio e fin de presentación de solicitudes** para **cada prazo** figura a continuación.

PAZO	DATA INICIO PRESENTACIÓN SOLICITUDES	DATA FIN PRESENTACIÓN SOLICITUDES	REQUISITOS DE PRESENTACIÓN
I	13/03/2020	23/03/2020	Publicacións con comunicación de admisión para publicación con anterioridade á data de inicio de presentación de solicitudes
II	01/06/2020	01/07/2020	Publicacións con comunicación de admisión para publicación con anterioridade á data de inicio de presentación de solicitudes

7. Contido das solicitudes

As solicitudes presentadas deberán ir acompañadas da seguinte **documentación**:

a) **Solicitud de Participación (Anexo I).**

b) **Factura proforma da contía da publicación científica.**

c) **Documentación xustificativa da calidade da revista** (índice de impacto, cuartil...) e outros indicadores de calidade excepcional da publicación cando proceda (colaboración cun investigador ou universidade/centro de recoñecido prestixio, artigo por invitación especial...)

d) **Documento de Declaración de Axudas (Anexo II).**

8. Avaliación e selección de solicitudes

O outorgamento destas axudas farase mediante a **avaliación pola Comisión de Investigación de CITACA das solicitudes presentadas**, establecendo unha prelación entre as mesmas dacordo coa puntuación final acadada considerando a suma dos catro seguintes **criterios de avaliación**

Calidade da revista		Colaboracións con outros grupos			Outros indicadores de calidade*	Tipo de publicación	
Q1	Q2	CITACA	Nacional	Internacional		Artigo ou Review crítico	Review bibliográfico
4	2	1	1	3	Ate 4	1	0,5

*Revista de excepcional prestixio (Nature, Science...), colaboración cun investigador ou universidade/centro de recoñecido prestixio, artigo por invitación especial...

9. Concesión das axudas

A Coordinadora de CITACA, á vista da proposta da Comisión de Investigación de CITACA ditará **resolución de adxudicación das axudas, e a listaxe de agarda, nun prazo máximo de dúas semanas dende a data fin de peche de presentación de solicitudes.**

Contra esta resolución poderase presentar solicitude de revisión de avaliación, mediante correo electrónico enviado a citaca@uvigo.es. O/a solicitante será convocado para recibir información adicional da avaliación feita pola Comisión de Investigación de CITACA. Se despois da revisión procedese, se modificaría a proposta da Comisión de Investigación de CITACA.

De existir crédito dispoñible no momento da resolución definitiva, éste será asignado según a orde de prelación que figure na listaxe de agarda.

10. Procedemento de tramitación dos gastos

Os gastos financiados mediante esta axuda tramitaranse dende a Secretaría Técnica de CITACA.

Para **garantir o pago dos gastos financiados con cargo a esta axuda**, é preciso **contratar os servizos con provedores dados de alta no sistema contable da Universidade de Vigo.**

Os **gastos financiados deberán estar debidamente soportados en facturas dacordo ás obrigas de facturación e aos requisitos para a tramitación de custes que a Universidade de Vigo teña vixentes.**

O importe dos gastos financiados que figure na factura presentada como xustificante de gasto non poderá exceder das contías máximas financiadas segundo concepto.

Para a xestión económica dos gastos poderase contactar en calquera momento coa Secretaría Técnica de CITACA para solicitar asesoramento e/ou apoio na tramitación. Prégase que no caso de precisar soporte por parte da Secretaría Técnica contacten coa máxima antelación para garantir o cumprimento do servizo.

Para máis información sobre o procedemento de tramitación ou no caso de calquera dúbida, **contactar sempre antes** coa Secretaría Técnica de CITACA.

11. Pagamento das axudas

Os gastos financiados mediante esta axuda tramitaranse dende a Secretaría Técnica de CITACA, daccordo as dúas seguintes modalidades de pago:

11.1. Pago anticipado por CITACA

Os trámites a realizar polo beneficiario/a da axuda nesta modalidade de pago, serían:

- a) Solicitar á Secretaría Técnica de CITACA a apertura dun expediente de gasto.
- b) Solicitar ao provedor factura proforma dos custes. Na factura proforma deberá figurar, de forma detallada, número de expediente, **concepto de gasto, importe** (base imponible e impostos correspondentes por separado), e os seguintes **datos de facturación**.

DATOS DE FACTURACIÓN	
ENTIDADE	Universidade de Vigo
CIF	Q8650002B ¹
RAZÓN SOCIAL	Campus Lagoas. Marcosende. 36310. Vigo. Pontevedra
REFERENCIA (A incluír)	Agrupación Estratéxica CITACA

¹(CIF da Universidade de Vigo que deberá figurar en facturas de provedores estranxeiros: ESQ8650002B)

- c) Enviar a factura proforma ao correo electrónico da Secretaría Técnica de CITACA: citaca@uvigo.es.

11.2. Reembolso de gastos xa realizados polo beneficiario/a da axuda

Farase efectivo unha vez que a persoa beneficiaria remita a Secretaría Técnica de CITACA antes do 15 de outubro, a seguinte documentación xustificativa.

- a) **Factura do gasto realizado.** Na factura deberán figurar, de forma detallada, **concepto de gasto, importe** (base imponible e impostos correspondentes por separado), e os seguintes **datos de facturación**.

DATOS DE FACTURACIÓN	
ENTIDADE	Universidade de Vigo
CIF	Q8650002B ²
RAZÓN SOCIAL	Campus Lagoas. Marcosende. 36310. Vigo. Pontevedra
REFERENCIA (A incluír)	Agrupación Estratéxica CITACA

²(CIF da Universidade de Vigo que deberá figurar en facturas de provedores estranxeiros: ESQ8650002B)

b) Xustificante de pagamento da factura, onde figure a identidade do beneficiario/a da axuda como o responsable do pagamento.

No caso de calquera dúbida, **consultar sempre antes** coa Secretaría Técnica de CITACA.

12. Obrigas dos beneficiarios/as

As persoas beneficiarias destas axudas están obrigadas a:

12.1. Seguir os procedementos de tramitación indicados nesta convocatoria.

12.2. Incluír necesariamente na filiación á Agrupación CITACA en posición preferente.

As **fórmulas para referenciar a CITACA** son:

a) Enderezo

a.1) Versión Español. CITACA-Clúster de Investigación y Transferencia Agroalimentaria del Campus Auga, Universidad de Vigo, 32004-Ourense, España.

a.2) Versión Inglés. CITACA-Agri-Food Research and Transfer Cluster, Campus Auga, University of Vigo, 32004-Ourense, Spain.

b) Agradecementos

b.1) CITACA Strategic Partnership ED431E 2018/07 (Xunta de Galicia, Spain).

b.2) This work was funded by Xunta de Galicia, Spain (CITACA Strategic Partnership, Reference: ED431E 2018/07).

12.3. Favorecer, sempre que sexa posible, a visibilidade de CITACA, e a referencia ao financiamento.

12.4. Incluír a publicación no repositorio institucional da Universidade de Vigo, onde apareza o código ORCID do autor/a.

O incumprimento inxustificable destas obrigas pode derivar en penalizacións, coma a non percepción do total ou dunha parte da axuda concedida, ou a imposibilidade de resultar beneficiado/a en futuras convocatorias de CITACA.

13. Réxime de incompatibilidades

Estas axudas propias para as publicacións en aberto da Agrupación Estratéxica CITACA son incompatibles con calquera outra axuda concedida para a mesma finalidade que financie o custo total da actividade.

Sen embargo, ao tratarse dunha axuda de financiamento parcial, poderá completarse con cargo a outras fontes de financiamento como, outras axudas ou subvencións, proxectos de investigación, outros ingresos ou recursos, sempre que o importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, de xeito illado ou en concorrencia, supere o coste total da actividade financiada, para o que a persoa beneficiaria deberá acreditar documentalmente os gastos realizados.

14. Medios de publicidade

Todas as comunicacións referidas a esta convocatoria serán publicadas para os efectos de notificación na páxina web de CITACA, do que o enlace é: www.citaca.uvigo.es.



Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado no formulario de solicitude, que en ningún caso terán carácter de notificacións.

ANEXO I. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

1. Datos de Filiación Institucional do/a Solicitante

Apelidos e Nome			
Categoría Profesional			
ORCID			
Grupo de Investigación			
Correo Eletrónico		Teléfono	

2. Identificación da Publicación Científica para a que Solicita Financiamento

1º Autor/a ¹	
Autor/a para Correspondencia ²	
Título da Publicación	
DOI da Publicación	
Tipoloxía da Publicación	

¹ e ² (Inclúase Apelidos e Nome e Filiación Institucional).

3. Identificación da Posición do Resto de Autores/as na Publicación Científica para a que se Solicita Financiamento³

Posición na Publicación		Posición na Publicación		Posición na Publicación	
Apelidos e Nome		Apelidos e Nome		Apelidos e Nome	
Grupo de Investigación		Grupo de Investigación		Grupo de Investigación	
Filiación Institucional		Filiación Institucional		Filiación Institucional	
Posición na Publicación		Posición na Publicación		Posición na Publicación	
Apelidos e Nome		Apelidos e Nome		Apelidos e Nome	
Grupo de Investigación		Grupo de Investigación		Grupo de Investigación	
Filiación Institucional		Filiación Institucional		Filiación Institucional	
Posición na Publicación		Posición na Publicación		Posición na Publicación	
Apelidos e Nome		Apelidos e Nome		Apelidos e Nome	
Grupo de Investigación		Grupo de Investigación		Grupo de Investigación	
Filiación Institucional		Filiación Institucional		Filiación Institucional	
Posición na Publicación		Posición na Publicación		Posición na Publicación	
Apelidos e Nome		Apelidos e Nome		Apelidos e Nome	
Grupo de Investigación		Grupo de Investigación		Grupo de Investigación	
Filiación Institucional		Filiación Institucional		Filiación Institucional	

³ (Para cada autor/a cumprimentar os seguintes 4 campos correlativos: Posición na Publicación; Apelidos e Nome; Grupo de Investigación; Filiación Institucional).

4. Identificación da Revista Científica

Nome da Revista	
Categoría Temática da Revista	
Posición Revista en Listado ⁴	
Posición Revista Expresada en Cuartil ⁵	

⁴ e ⁵ (Indíquese en relación ao listado JCR na área temática correspondente no ano 2017, 2018, 2019).

5. Outros Indicadores de Calidade, se procede

--

*Continúe cumprimentando a solicitude facendo "click" na seguinte páxina.

6. Enlace de Descarga da Publicación Científica

7. Documentación a adxuntar

- Ficheiro PDF da publicación científica no caso de que o enlace de descarga da publicación non estea dispoñible.
- Factura proforma da contía da publicación científica.
- Documentación xustificativa da calidade da revista.
- Anexo III. Documento de Declaración de Axudas.

En Ourense a

Asdo. O/a Solicitante

D./D^a



DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS SOLICITADAS/CONCEDIDAS

D./D.^a titular do DNI en relación a
Convocatoria 2020 de Axudas propias para as Publicacións en Aberto da Agrupación Estratéxica CITACA.

DECLARO que,

Non solicitei nin se me concederon ningún outro tipo de axudas para a mesma finalidade da Universidade Vigo, doutras Administracións Públicas, ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

Que a situación con respecto a outras axudas para esta mesma finalidade e a que se reflexa a continuación¹.

ORGANISMO	
Nº DE EXPEDIENTE	
DATA DE SOLICITUDE	
TIPO DE AXUDA	
CONTÍA DA AXUDA	
SITUACIÓN ADMINISTRATIVA²	Pendente de resolver <input type="checkbox"/> Resolta <input type="checkbox"/>

E así mesmo comprométome a comunicar toda variación³ na situación consignada neste documento no momento en que ésta se produza.

En Ourense a

Asdo. O beneficiario/a

D./D^a.

¹ Documentación a adxuntar: **a)** No caso de concesión definitiva xuntarase copia da resolución de concesión da axuda. **b)** No caso de solicitude non resolta xuntarase o documento de solicitude de cada axuda solicitada.

² Situación administrativa do expediente na data de sinatura da declaración.

³ Deberá comunicarse as concesións definitivas, denegacións ou renuncias que recaigan sobre as solicitudes de axuda para esta actividade, no momento en que se produzan.